

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE REFERENTE ÁS CONTRATACIÓNS REALIZADAS COA EMPRESA ELÉCTRICA MENCIONADA NOS AUDIOS REXISTRADO EN INVESTIGACIÓN

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

A Agrupación de Electores de Redondela, xunto con moitos veciños e veciñas do concello, coñeceron onte, a través dos medios de comunicación unha conversa de Javier Bas, alcalde de Redondela do Partido Popular, co rexedor de O Porriño, da mesma organización política, suxerindo tratos de favor con certa empresa eléctrica.

Segundo estes medios, o rexistro da conversa foi froito das investigacións que o Xulgado de Instrución número 3 realiza sobre o alcalde de O Porriño sobre tráfico de influencias, prevaricación, malversación de caudais públicos e vulneración de dereitos dos traballadores e traballadoras; unha presunta trama articulada para beneficiar a determinadas empresas con contratos públicos e unha rede de enchufes denunciados pola Garda Civil e a Fiscalía na denominada “operación Multiusos”.

Ante a gravidade do que se transmite dende os medios de comunicación, **AER solicita a comparecencia do alcalde no vindeiro pleno ordinario para que dea as oportunas explicacións e que proceda a achegar de inmediato aos grupos políticos da oposición toda a información referente ás contratacións realizadas coa empresa eléctrica mencionada nos audios rexistrados na susodita investigación.**

(Resposta conxunta a comparecencia de AER e PSOE)

Intervén en primeiro lugar o alcalde da lectura ao seguinte:

“En primeiro lugar quero deixar ben claro, para que non haxa ningún tipo de dúbidas, que a persoa investigada é o alcalde de O Porriño e non o alcalde de Redondela.

E que froito de esa investigación, foi gravada unha conversa telefónica entre os dous alcaldes, conversación que xiraba en torno a empresa Radio Pérez, S.L., a que no seu momento fora provedora do Concello de Redondela e que, por irregularidades detectadas na contratación do seu persoal, deixou de selo.

A chamada foi interpretada por min como unha chamada de cortesía na que se me comunicaba que Radio Pérez S.L. xa resolvera os problemas que levaron a que o Concello de Redondela deixara de contar con ela a hora de solicitarlle que presentara orzamentos para a colocación de alumeados nas festas.

A chamada nunca sería interpretada por min como medida de presión para favorecer a

alguén, xa que os que me coñecen saben que non admito presións. De ninguén e de ningún tipo. E o único que me move a actuar ao fronte da alcaldía, é a defensa dos intereses de Redondela. Para isto me presentei como candidato a alcalde e por iso e polo que estou loitando Por tanto, rexeito de plano todas as insinuacións que se verteron por parte de algúns integrantes de grupos políticos (algúns incluso difamando claramente) nas que se deixaba caer que, tras a conversa co alcalde de Porriño , houbera trato de favor ca empresa Radio Pérez, S.L.

Isto é rotundamente falso e vouno acreditar a continuación:

Dende que chegamos ao goberno intentamos que as contratacións que fixeramos no Concello:

- Foran abertas a máis de unha empresa
- Se aceptara a oferta económica máis baixa
- E sempre garantindo un estándar de calidade alto en cada servizo, obra ou subministro.

Cinguíndome concretamente ao tema do alumeadado para as Festas, dicir que cando chegamos, atopámonos por un lado

- Que existía un único provedor dende alomenos 8 anos (non seguimos para atrás)
- E que non constaba por ningún sitio que se solicitaran máis de un orzamento aínda que a norma sí o esixía xa que as cantidades facturadas superaban os 18.000 euros sen IVE Nos, cumprindo o noso compromiso de non mirar cara atrás salvo naqueles casos, nós, que nos tiveramos que defender da demagogia e ante acusacións inxustas por parte dos grupos de oposición (como é o caso que nos ocupa), empezamos a implantar o noso modelo e abrimos o abano a varias empresas para que puideran presentar os seus orzamentos para o servizo de alumeadado das festas .

E no Nadal do 2011-2012 é cando se inicia a relación comercial do Concello de Redondela con Radio Pérez, S.L. que oferta o servizo por 18.000 euros máis IVE e que permitiu un aforro para as arcas municipais de 16.732,40 euros con respecto a última contratación para ese mesmo servizo no último ano de goberno do bipartito.

Posteriormente contrátase novamente a Radio Pérez, S.L. no ano 2012 para as festas do Choco, Coca e Nadal 2012-2013 e sempre despois de presentar o orzamento máis baixo e coa concorrencia de máis de unha empresa.

Isto é importante destacalo porque as contratacións que non superan os 18.000 euros + IVE, como é o caso, podería ser adxudicada de forma directa sen necesidade de concorrencia. Pero este goberno, aínda así, en aras a obter sempre a mellor oferta económica, sempre pediu máis dun orzamento a empresas do sector.

En xaneiro 2013 ten lugar a traxedia de que un empregado da empresa de 19 anos (neto do seu propietario) falece en accidente laboral e detéctase por parte do Concello irregularidades en Radio Pérez, S.L.. na contratación dos seus empregados.

Nese momento, e de forma taxante, suspéndese calquera contratación con esa empresa impedíndolle incluso que presente orzamentos ata que teña regularizada a súa situación.

As Festas do Choco e Coca do ano 2013 adxudícanse a Creaciones Luminosas, S.L. por un importe total de 10.533,05 pero no proceso concorren tamén orzamentos doutras dúas

empresas das que éste era o orzamento máis baixo.

Como se pode apreciar non hai trato de favor a ningunha empresa. Pídense varios orzamentos a pesar que a norma non o esixe, e adxudícaselle o contrato á empresa que oferta o servizo máis barato.

E ata eiquí non se sabe nada do alcalde do Porriño e xa levábamos máis dun ano traballando con Radio Pérez, S.L. cun alto grado de satisfacción co seu traballo.

E eu creo que esa é a orixe da chamada do alcalde do Porriño o 16 de outubro do 2013. Para comunicar que o propietario da empresa Radio Pérez, S.L. solucionara os seus problemas de contratación e pedir que se lle permitira optar a presentar orzamentos novamente. Así o entendín eu, e por iso propoño unha reunión na que estaría eu, a empresa en cuestión e a concelleira Herminda Quelle que é a responsable da contratación do servizo de alumeado das festas.

Pero esta reunión non chegou a producirse nunca porque cando lle comento á concelleira que o alcalde de Porriño me chamou para dicirme que Radio Pérez, S.L. solucionara os seus ata aquí a miña intervención no contrato do servizo. Limiteime a comunicarlle á concelleira que o alcalde de O Porriño díxerame que unha empresa solucionara un problema que lle impedía seguir sendo provedora do Concello.

A concelleira, antes de aceptar novamente a empresa como posible provedora do servizo, pídlle que documente o que di, e Radio Pérez lle presenta:

- Una relación cos traballadores dados de alta na seguridade Social de fecha 01-10-2013
- Unha certificación de Mapfre Empresas de 05-11-2013 onde se di que Radio Pérez, S.L. ten contratada una póliza de responsabilidade civil por 600.000 euros.

Comprobado que a empresa solventou os seus problemas, a concelleira permítelle presentar un orzamento para as festas de Nadal 2013-2014 e o fai con data 06.11.2013, é dicir, con posterioridade á presentación dos documentos antes citados.

Da comparativa dos orzamentos presentados, Radio Pérez, S.L. foi o máis barato e por iso concédeselle o servizo Un exemplo claro de que non houbo trato de favor cara a Radio Pérez é o feito de que o servizo de alumeado para as festas do Choco e Coca do presente ano 2014 non se lle adxudicou a Radio Pérez, senón que foi a Creaciones Luminosas, S.L. porque en concorrencia con outros orzamentos foi o máis barato. E todo isto moito antes de que se coñecera a famosa conversación gravada.

Os orzamentos de cada contratación póñense a disposición dos grupos da oposición para a súa consulta pero recalcando que non era necesario pedilos, como o demostra que o servizo de intervención non emitira ningún informe de reparo suspensivo. As contratacións de este servizo foron correctas tanto nas formas, como no aforro que se supuxo en relación coa comparativa dos catro anos anteriores á nosa chegada ao goberno no que o Sr. Reguera era o concelleiro de Cultura.

Nestes tres anos de mandato do Partido Popular, aforráronse só na facturación do alumeado das Festas de Nadal máis de 54.814 euros.

Mentres a media de contratación do Sr. Reguera para este servizo era de 39.772,87 euros a

da concelleira Herminda Quelle foi de 21.599,92 euros. Ni máis nin menos, Sr. Reguera, que 18.172,95 euros de aforro en cada contratación.

E chegados a este punto, é importante sinalar que a xestión do Sr. Reguera non só foi nefasta desbaldindo os cartos de todos os redondelans/ás (paradóxicamente tamén era o concelleiro de Facenda) senón que tamén as contratacións do servizo para as Festas de Nadal nos últimos 8 anos teñen varios informes de reparo de intervención, incluíndo algún, no que o pago da factura era non conforme porque fora omitida a súa fiscalización previa. O Sr. Reguera aparece firmando todas as facturas e ademais era o responsable da contratación do servizo.

O Sr. Orge, un día dixo que avalaba a xestión do Sr. Reguera ao fronte da concellería Cultura.

Pode dicir hoxe publicamente que coñecendo estes datos de despilfarro e, canto menos irregularidades na contratación do servizo de alumado para as Festas de Nadal, avala a xestión do seu xefe de filas?

Que paradoxa, o Partido Socialista cuestiona unha contratación correcta do partido popular que permite importantes aforros para as arcas municipais e que non ten reparos suspensivos por parte dos servizos de intervención, e avala unha nefasta xestión do Sr. Reguera chea de despilfarros e de incumprimentos das normas de contratación. Normas, por certo, que como concelleiro de facenda debería coñecer e respectar, e as claras está, que non o fixo.

Eu pediríalle agora no turno que lle corresponde ao grupo socialista que o Sr. Reguera explique

- Por qué se contrataba sempre á mesma empresa para colocar o alumado nas festas?
- Onde están o resto de orzamentos preceptivos e a qué empresas se lle pediron?
- Que facía cos informes de intervención cando lle informaban:
- Que se omitira a fiscalización previa, aspecto éste, que conleva un reparo de intervención, indicando que se suspenderá a tramitación do expediente cando non foran fiscalizados os actos que deron orixe as ordes de pago?
- Ou, cando se lle dicía claramente e literal “O provedor que factura, tras consultar a contabilidade municipal;confírmase que foi obxecto de varias contratacións menores, polo que non cabe a contratación directa neste caso. Vulnerando neste caso os principios de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos así como a non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos a prestar diferentes servizos”

O concelleiro ORGE MÍGUEZ di que apoia a xestión do señor Reguera.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que o alcalde fala sempre do bipartito exercitando a táctica do *tú más* e xa están un pouco fartos disto. Sinala que o PP estaba na oposición pero tampouco se preocupou de como se facían as contratacións entón. Di que o aforro desa empresa ao mellor viña de non ter asegurados os seus obreiros e considera que non debe ser excepcional cerciorarse de que todas as empresas que contratan co Concello teñen todo en regra. Pregunta cantas veces o chamou o alcalde de Porriño e se chamoulle algún outro alcalde para intervir a favor dalgunha empresa. Di que levan toda a semana solicitando a documentación que se lle da agora no pleno cando non poden analizala. Aínda que sexa legal, indica que estes contratos se sacan no último minuto a pesares de que son datas fixas polo que podería facerse un só contrato para todos estes eventos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO refírese á conversa co alcalde de Porriño. Considera que o alcalde de Redondela debeu colgar o teléfono ao principio da mesma. Sinala que é una

casualidade que despois da conversa se contratara á empresa Radio Pérez e di que o alcalde é un manipulador xa que adiantou esta comparecencia que lle interesa por diante doutra en relación ao diñeiro do polígono da autopista que non quere tratar. Sinala que o alcalde debeu de dar explicacións no mesmo intre en que asiu a noticia na prensa e non fixo, soamente agora que o pediron AER e o PSOE. Agradece que o señor Orge avale o seu labor na concellería de Cultura e estima que o goberno actual está vivindo de rendas nese aspecto.

O alcalde sinala que o señor Reguera non respostou ás súas preguntas. Resposta ao voceiro de AER que fala con alcaldes en bastantes ocasións aínda que non o fixo especialmente co de Porriño salvo por unha cuestión das preferentes. Pensa que se houbera algo punible no seu comportamento o xuíz chamaríano e el daría as explicacións pertinentes. Di que a documentación apareceu ao revisar os expedientes. Parécelle interesante a proposta en relación ao contrato do alumeadado aínda que ten un compoñente artístico que cecais aconsella que se faga separadamente. Di que non obstante están nesa liña. Dille ao señor Reguera que non escoitou a súa intervención.

Continúa o alcalde lendo:

“Nesta segunda intervención quero apelar a responsabilidade que temos todos nos no noso desempeño dun cargo público. Cada vez máis, a cidadanía lle ten menos consideración as persoas que ocupan cargos políticos e grande parte desa culpa a temos nos, os propios políticos.

E este episodio que estamos a vivir con esta conversación telefónica e un gran exemplo xa que antes de coñecerse todos os datos que rodeaban o caso, e sen que ninguén me chamara para coñecer a miña versión, a sentenza xa estaba dada e empezaba a caza de bruxas sementando a dúbida sobre a honradez do alcalde de Redondela.

A comparecencia foi completa e aportou datos máis que suficientes para demostrar que tras a conversación telefónica mantida co alcalde de Porriño non houbo trato de favor cara a Radio Pérez, S.L.. Limitándome, única e exclusivamente, a trasladar á Concelleira responsable de xestionar o servizo, que Nelson Santos me dixera que Radio Pérez solventara os problemas que lle impedían poder contratar co Concello de Redondela.

Unha chamada ou unha solicitude de entrevista, eu nunca a entendín como medio de presión. De feito hai exemplos de conversas similares con concelleiros de esta corporación. Cando o señor Orge pídeme, por exemplo, que reciba a un veciño ou cliente seu para falar dun tema urbanístico, non o entendo como que o Sr. Orge me estea presionando para que cometa una irregularidade. O entendo como parte das miñas funcións.

Ou cando o Sr. Orge me di, falando do Plan Xeral de Redondela, que coñece el a una arquitecta que está moi preparada, non o entendo como unha presión para ter trato de favor cara a esa profesional.

Por iso, pídolle aos grupos políticos PSOE e AER que acepten as explicacións que lles foron dadas nesta comparecencia e que teñan o valor de recoñecer publicamente, nos mesmos medios que utilizaron para xerar a sospeita sobre a honradez do alcalde de Redondela, que non houbo trato de favor cara a Radio Pérez e que o procedemento de contratación con varios orzamentos, foi axeitado, que permitiu importantes aforros para as arcas municipais, que non presenta incidencias de reparo en intervención e que foi moito máis esixente que o establecido na norma.

Polo que respecta á documentación revisada dos anos anteriores no que o Sr. Reguera era responsable da Concellería de Cultura e atendendo ao código ético do propio partido socialista que din que aplican dicir:

Que, dado que a xestión do señor Reguera ao fronte da Concellería de Cultura foi nefasta, desbaldindo os cartos de todos os redondelans/ás como o demostra o sobreprecio pagado no servizo de alumeado de festas de Nadal. O Sr. Reguera debe presentar hoxe a súa renuncia como concelleiro de este Concello.

Que dado que ademais do despilfarro mantido, as contratacións do servizo para as Festas de Nadal nos oito anos de xestión do Sr. Reguera teñen numerosos informes de reparo de intervención, incluíndo algún no que o pago da factura era “non conforme” porque fora omitida a súa fiscalización previa. E dado que o Sr. Reguera aparece firmando todas as facturas e era o responsable da contratación do servizo. O Sr. Reguera debe presentar hoxe a súa renuncia como concelleiro de este Concello.

Que, dado que o Sr. Reguera era consciente da situación irregular existente no contrato que o Concello de Redondela tiña co autónomo encargado da xestión cultural e así o recoñeceu publicamente nun xuízo. O Sr. Reguera debe presentar hoxe a súa renuncia como concelleiro de este Concello.

Se a iso lle sumamos que, como concelleiro de facenda, permitiu preto de 2.000.000 de euros en facturas no caixón sen pagar e sen contabilizar. O Sr. Reguera debe presentar hoxe a súa renuncia como concelleiro de este Concello.

E se ademais recordamos a súa inoperancia como concelleiro de Facenda para adquirir os terreos da Ginaria cando tiña todo ao seu favor e os recursos financeiros na súa man. O Sr. Reguera debe presentar hoxe a súa renuncia como concelleiro de este Concello.

Respecto a AER, pediríalle que volvan á senda do diálogo e da busca da verdade. É importante o que se conte, pero tamén é importante como se conte. Digamos que o que vostedes fixeron foi contribuir sesgar a verdade contando só unha parte da realidade.

Depende de nós, dos que estamos desempeñando cargos públicos, cambiar a imaxe tan denostada que os cidadáns teñen da política e das persoas que representan os partidos políticos.

Somos nós os que temos que mostrar unha maneira diferente de facer as cousas. Non todo vale en política, non se pode difamar a unha persoa de forma gratuíta deixando manchada a súa imaxe co único fin de sacar un rédito político.

Para rematar, recalcar que este alcalde non admite presións. De ninguén e de ningún tipo. E que as decisións que toma teñen como único obxectivo a defensa dos intereses de Redondela. Para iso presenteime como candidato a alcalde e por iso é polo que estou loitando. Moitas grazas”

O concelleiro Orge Míguez protesta sinalando que o alcalde sabe perfectamente que en ningún momento lle pediu nada para ningunha arquitecta xa que todos os grupos tiñan que presentar o nome de alguén experto en urbanismo para valorar as ofertas do PXOM, cousa que corrobora o señor González Barbeiro como concelleiro de urbanismo.